

# V CONVOCATORIA DEPORTE SOLIDARIO E INCLUSIVO 2018

Axudas para favorecer o uso do deporte como  
instrumento de inclusión e intervención social

Prazo de presentación de proxectos do 3 de setembro ao 21 de setembro de 2018



## Deporte Solidario

Coa colaboración de



## INTRODUCCIÓN

A Fundación Emalcsa ten entre os seus fins fundacionais a promoción, desenvolvemento e fomento do deporte (art. 6 b). Así mesmo, dentro dos seus fins específicos encóntrase:

- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que podan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, de déficits de formación, de diversidade funcional ou discapacidade, de padecer adicións, ou de calquera outra causa (art. 7, a.1.1).
- O fomento do deporte de base e dos valores sociais asociados á práctica deportiva, tales como o traballo en equipo, o esforzo e afán de superación, o respecto polas regras e o xogo limpo, os hábitos saudables en alimentación e a prevención e rexeitamento ao uso de sustancias prohibidas ou perigosas para a saúde, etc. (art. 7, a.2.1).

Tendo en conta estes fins e que a actividade física e o deporte, máis alén dos beneficios da aprendizaxe e práctica deportiva en si mesmos, ofrecen oportunidades únicas para a promoción e transmisión de valores, para a integración e cohesión social, a Fundación Emalcsa realiza unha convocatoria de axudas para favorecer o uso do deporte como instrumento de intervención e transformación social.

A convocatoria está dirixida a apoiar a entidades deportivas que presenten proxectos específicos, dentro da súa programación de actividades anual, especialmente deseñados e cunha metodoloxía adecuada, dentro dalgunha das actuacións previstas nesta convocatoria.

## 1. CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO

O proxecto presentado nesta convocatoria deberá estar **integrado dentro da programación anual da entidade** ou entidades solicitantes. Para garantir a consecución dos obxectivos de desenvolvemento persoal, integración e transformación social, aos que pretende contribuír esta convocatoria, deben contar cunha **planificación e metodoloxía específica**.

O proxecto presentado terá como data límite para a súa execución o **15 de agosto de 2019**. Deberá contribuír ao desenvolvemento dun fin social a través da **práctica deportiva**: promover a igualdade de oportunidades e a inclusión social de persoas en risco de exclusión social ou pobreza, ou en situación de vulnerabilidade social, con especial atención á infancia, mocidade, persoas con discapacidade e ás minorías étnicas, mediante o fomento da súa participación na actividade deportiva.

O fomento da igualdade de xénero na práctica deportiva é un propósito transversal da convocatoria, polo que se valorarán positivamente aqueles proxectos que integren o impulso do deporte feminino na súa proposta, a condición de que non constitúa o único obxectivo específico do proxecto social.

O proxecto deberá partir dun diagnóstico sobre a realidade social e incidir sobre a problemática identificada desenvolvendo accións específicas que contribúan a afrontala a través da actividade deportiva.

En todo caso, o proxecto incluírá as determinacións que permitan a súa avaliación conforme aos criterios de valoración destas bases.

O ámbito de realización do proxecto será o termo municipal de A Coruña.

## 2. REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Ademais do sinalado no apartado introdutorio do presente documento, poderán concorrer a esta convocatoria as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que sexan entidades privadas e sen fin de lucro.
- b) Que estean legalmente constituídas.
- c) Que estean inscritas no rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas.
- d) Que se encontren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social, no seu caso.
- e) Que estean ao corrente das obrigas establecidas en convocatorias anteriores do Concello de A Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
- f) Que cumpran os restantes requisitos esixidos pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- g) As federacións deportivas non están incluídas no ámbito de aplicación da presente convocatoria.

### 3. CRITERIOS DE VALORACIÓN

**3.1. VALORACIÓN DA ENTIDADE (ATA 25 PUNTOS).** Para proceder á valoración da entidade teranse en conta os seguintes criterios:

a) Experiencia demostrada pola entidade na organización de eventos e/ou competicións deportivas, á marxe da súa actividade ordinaria durante os últimos 3 anos. *Ata 3 puntos:*

- Realizou máis de 3 eventos e/ou competicións ao ano: 3 puntos
- Realizou entre 1 e 3 eventos e/ou competicións ao ano: 2 puntos
- Realizou polo menos un evento ou competición nos últimos 3 anos: 1 punto

b) Experiencia na xestión de proxectos e actividades deportivas que vinculen deporte e solidariedade, inclusión ou intervención social, nos últimos 3 anos. *Ata 4 puntos:*

- Realizou 6 ou máis proxectos destas características: 4 puntos
- Realizou entre 3 e 5 proxectos destas características: 2 puntos
- Realizou entre 1 e 3 proxectos destas características: 1 punto

c) Capacidade organizativa e institucional da entidade que asegure a viabilidade da execución do proxecto presentado (recursos humanos, voluntarios, socios). *Ata 3 puntos:*

- Posúe un grao superior de organización interna e conta con recursos abundantes: 3 puntos
- Posúe un grao óptimo de organización interna e conta con recursos aceptables: 2 puntos
- Posúe un grao aceptable de organización interna e conta con recursos suficientes: 1 punto

d) Disposición de estrutura e medios económicos que aseguren a viabilidade da execución do proxecto presentado (capacidade orzamentaria e infraestrutura). *Ata 3 puntos:*

**Bases V Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2018**

Coa colaboración de:



- Conta con estrutura e medios abundantes para asegurar totalmente a viabilidade da execución do proxecto: 3 puntos
  - Conta con estrutura e medios aceptables para garantir a viabilidade da execución do proxecto: 2 puntos
  - Conta con estrutura e medios propios suficientes para a execución do proxecto: 1 punto.
- e) Fomento da participación feminina e da igualdade de xénero no deporte. *Ata 4 puntos:*
- Ten como finalidade principal da súa actividade deportiva o fomento da participación feminina e da igualdade de xénero no deporte: 4 puntos
  - Incorpora accións de fomento da participación feminina e da igualdade de xénero no deporte na súa actividade habitual: 2 puntos
- f) Participación na organización e desenvolvemento de eventos dentro dos diferentes programas municipais en 2017 (Festas do Rosario, Programa de Nadal, Programa de Verán, Teresa Herrera, Xogos Escolares, Día do Deporte na Rúa, etc.). *Ata 3 puntos:*
- Acredita ter participado en 5 ou máis actos ou eventos ao ano: 3 puntos
  - Acredita ter participado en de 3 a 5 actos ou eventos ao ano: 2 puntos
  - Acredita ter participado en de 1 a 3 actos ou eventos ao ano: 1 punto
- g) Predisposición e aperturismo a traballar con organizacións sociais no marco do desenvolvemento de proxectos sociais, baseado na experiencia contrastada de colaboración estable con este tipo de institucións. *Ata 5 puntos:*
- Experiencia contrastada de colaboración con 5 ou máis entidades sociais: 5 puntos
  - Experiencia contrastada de colaboración con entre 3 e 5 entidades sociais: 3 puntos
  - Experiencia contrastada de colaboración con polo menos unha entidade social: 1 punto

**3.2. VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DE FOMENTO DO DEPORTE BASE (ATA 20 PUNTOS).** Para proceder á devandita valoración teranse en conta os seguintes criterios:

a) Actividades/eventos realizados para o fomento do deporte base (xornadas de portas abertas, exhibicións, etc.) durante os últimos 3 anos. *Ata 4 puntos:*

- Desenvolve máis de 10 actividades/eventos de diferente tipoloxía anuais: 4 puntos
- Desenvolve entre 5 e 9 actividades/eventos de diferente tipoloxía anuais: 2 puntos

b) Número de licenzas ata categoría xuvenil / júnior, inclusive. *Ata 3 puntos:*

- Máis de 200 licenzas: 3 puntos
- Entre 100 e 199 licenzas: 2 puntos
- Entre 50 e 99 licenzas: 1 punto

c) Número de equipos ata categoría xuvenil / júnior, inclusive. *Ata 2 puntos:*

- Máis de 15 equipos: 2 puntos
- Entre 5 e 14 equipos: 1 punto

d) Número de profesionais remunerados vinculados con accións de fomento do deporte base. *Ata 4 puntos:*

- Máis de 10 profesionais remunerados: 4 puntos
- Entre 5 e 9 profesionais remunerados: 2 puntos
- Entre 1 e 4 profesionais remunerados: 1 punto

e) Porcentaxe de licenzas femininas en relación co total da entidade, segundo a disciplina deportiva practicada (tomando como referencia o Anuario de Estatísticas Deportivas do ano vixente, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, nos datos para Galicia). *Ata 5 puntos:*

- Porcentaxe de licenzas femininas 20 ou máis puntos superior á media autonómica: 5 puntos

- Porcentaxe de licenzas femininas entre 10 e 20 puntos superior á media autonómica: 3 puntos
  - Porcentaxe de licenzas femininas cunha diferenza de entre 10 e 0 puntos con respecto da media autonómica: 1 punto
- f) Realización de actividades cuxo obxectivo sexa a educación en valores no marco do deporte de base. *Ata 2 puntos:*
- Realiza actividades concretas para a educación en valores: 2 puntos
  - Incorpora accións de educación en valores de forma transversal nalgunhas das súas actividades: 1 punto

### 3.3. VALORACIÓN DO PROXECTO SOCIAL (ATA 55 PUNTOS). Para proceder á valoración deste apartado, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Utilidade social, complexidade e oportunidade do proxecto exposto para o ámbito municipal, así como o axuste ás necesidades do colectivo ao que vai destinado. Valoraranse especialmente aqueles proxectos máis complexos socialmente e con capacidade real de transformación. *Ata 6 puntos:*
- Abórdase unha problemática social relevante no ámbito local a través dun proxecto de especial complexidade e gran capacidade de transformación no colectivo beneficiario: 6 puntos
  - Abórdase unha problemática social relevante no ámbito local, pero o proxecto é de baixa complexidade ou escasa capacidade de transformación no colectivo beneficiario: 3 puntos
  - Abórdase unha problemática social relevante no ámbito local, pero si está identificada de forma clara a intervención a realizar: 1 punto
- b) Incorpora ao proxecto social o fomento da participación feminina en disciplinas nas que as mulleres están subrepresentadas: 1 punto
- c) Formulación de obxectivos claros e medibles. *Ata 6 puntos:*
- Os obxectivos defínense claramente e son fáciles de medir: 6 puntos



- Os obxectivos defínense claramente, pero son pouco acertados e/ou non son fáciles de medir: 3 puntos
  - Os obxectivos defínense de forma suficiente, pero non son fáciles de medir: 1 punto
- d) Coherencia das actividades previstas cos obxectivos presentados e a forma na que se pretende alcanzalos. *Ata 6 puntos:*
- Defínense clara e detalladamente as actividades a realizar, son coherentes cos obxectivos marcados e concrétese a estratexia a seguir para alcanzalos: 6 puntos
  - Defínense de forma suficiente as actividades a realizar, son coherentes cos obxectivos marcados e indícase a estratexia a seguir para alcanzalos: 4 puntos
  - Defínense parcialmente as actividades a realizar, son coherentes cos obxectivos marcados e explícase levemente a estratexia a seguir para alcanzalos: 2 puntos
  - Defínense parcialmente as actividades a realizar e, aínda que gardan certa coherencia cos obxectivos marcados, non queda clara a estratexia que seguirán para alcanzalos: 1 punto
- e) A inclusión dun calendario e/ou un cronograma detallado das actividades e fases de execución previstas para o desenvolvemento do proxecto. *Ata 6 puntos:*
- Todas as actividades están planificadas con detalle de duración e calendarización: 6 puntos
  - Algunhas actividades están planificadas con detalle de duración e calendarización, e outras se integran no calendario sen información cronolóxica engadida: 3 puntos
  - As actividades están planificadas no calendario, pero non teñen unha temporalidade clara: 1 punto
- f) Integración do proxecto social na programación da entidade, dando continuidade ao mesmo durante todo o ano. *Ata 5 puntos:*
- Identifícanse actividades permanentes durante a programación anual da entidade: 5 puntos
  - Identifícanse actividades que son frecuentes na programación anual da entidade: 3 puntos

- Identifícanse actividades puntuais/extraordinarias con pouco encaixe na programación regular da entidade: 1 punto
- g) Número de profesionais remunerados asignados ás actividades do proxecto social. *Ata 5 puntos:*
- Máis de 4 profesionais remunerados: 5 puntos
  - Entre 2 e 4 profesionais remunerados: 3 puntos
  - Entre 1 e 4 profesionais remunerados: 1 punto
- h) Equilibrio entre o importe da cantidade solicitada e o orzamento anual xestionado pola entidade. *Ata 4 puntos:*
- O importe solicitado supón menos do 25% do orzamento anual da entidade: 4 puntos
  - O importe solicitado supón entre un 25% e un 35% do orzamento anual da entidade: 2 puntos
- i) Compromiso de cofinanciamento da entidade en relación ao proxecto social. *Ata 3 puntos:*
- Contémplase unha partida de cofinanciamento propia superior ao 20% do custo total do proxecto: 3 puntos
  - Contémplase unha partida de cofinanciamento propia entre o 10% e o 20% do custo total do proxecto: 2 puntos
  - Contémplase unha partida de cofinanciamento propia entre o 0,1% e o 10% do custo total do proxecto: 1 punto
- j) Definición dun orzamento detallado (desagregación dos gastos a realizar) coherente cos obxectivos e actividades propostas para o proxecto. *Ata 6 puntos:*
- O orzamento é plenamente coherente cos obxectivos e actividades propostas e achégase información clara e precisa sobre os gastos a realizar: 6 puntos
  - O orzamento é coherente cos obxectivos e actividades propostas e achégase información adecuada sobre os gastos a realizar: 4 puntos

- O orzamento é parcialmente coherente cos obxectivos e actividades propostas e achégase información suficiente sobre os gastos a realizar: 2 puntos
  - O orzamento é parcialmente coherente cos obxectivos e actividades propostas e achégase información mínima sobre os gastos a realizar: 1 punto
- k) Plan de difusión do proxecto para dar publicidade e visibilidade das actividades e da colaboración da Fundación Emalcsa e dos patrocinadores do programa. *Ata 5 puntos:*
- Proposta de difusión clara e adecuada, con detalle sobre os mecanismos a empregar: 5 puntos
  - Proposta de difusión definida, con detalle sobre os mecanismos a empregar: 3 puntos
  - Proposta de difusión confusa e/ou con escaso detalle sobre os mecanismos a empregar: 1 punto
- l) Participación no proxecto de organizacións especializadas na atención de colectivos destinatarios do proxecto social e a disposición de acordos de colaboración coas devanditas entidades (para a súa valoración deben achegarse os convenios asinados coas entidades sociais). *Ata 5 puntos:*
- O proxecto contempla a colaboración de 2 ou máis entidades sociais, coas que se ten acordo asinado para o desenvolvemento do mesmo: 5 puntos
  - O proxecto contempla a colaboración de polo menos unha entidade social, coa que se ten acordo asinado para o desenvolvemento do mesmo: 3 puntos
  - O proxecto contempla a colaboración de polo menos unha entidade social, aínda que non dispoñen de acordo asinado para o desenvolvemento do mesmo: 1 punto

## 4. CONDICIÓN DE FINANCIAMENTO

### 4.1. IMPORTE E DESTINO DOS FONDOS

Ao amparo desta convocatoria, a Fundación Emalcsa non poderá conceder axudas por importe superior a vinte mil euros (20.000€) nin inferior a cinco mil euros (5.000€) por cada proxecto. En consecuencia non serán admitidos os proxectos presentados que soliciten contías que superen os límites superior e inferior citados.

Poderanse financiar tanto gastos relacionados co fomento do deporte base, como co proxecto social. Para isto, do importe total solicitado, como mínimo un 50% deberán ser gastos directamente imputables ao proxecto social e un máximo do 50% gastos relacionados coa actividade ordinaria da entidade deportiva, vinculada ao fomento do deporte base.

### 4.2. GASTOS ELIXIBLES

Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto social ou ao fomento do deporte base hasta categoría júnior/xuvenil (inclusive), como:

- a) Gastos do persoal directamente afectado ao mesmo (técnicos, deportistas, médicos e outros).
- b) Equipamento deportivo.
- c) Desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención).
- d) Gastos de actividade federativa (licenzas, arbitrxes, canons ou cotas de participación).
- e) Comunicación e marketing.
- f) Gastos xerais (máximo 10% do importe destinado ao fomento do deporte base).

Non se considerará gasto elixible o asociado a accións de recadación de fondos para fins solidarios.

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

**Bases V Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2018**

Coa colaboración de:



En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### 4.3. OUTRAS APORTACIÓNS AO FINANCIAMENTO

A aportación da Fundación Emalcsa non está limitada a unha porcentaxe máxima do custo do proxecto.

Os recursos aportados por outras institucións, entidades ou pola propia entidade solicitante deberán ser documentados fidedignamente. Se non fose posible efectuar dita xustificación ao presentar a solicitude, a posible concesión quedará condicionada á súa presentación.

**A obtención con posterioridade á concesión da axuda por parte da Fundación Emalcsa de outras axudas para o mesmo proxecto procedentes de calquera Administración ou Entes Públicos ou privados nacionais ou internacionais, comunicarse de inmediato por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e o destino que se dará a ditos fondos dentro do proxecto.** En ningún caso o financiamento pode exceder do custo do proxecto.

## 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- a) Instancia de solicitude de colaboración segundo modelo establecido pola Fundación Emalcsa (dispoñible na web da Fundación [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es)).
- b) Formulario de presentación de proxectos segundo modelo establecido (dispoñible na web da Fundación [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es)). Deberán achegarse os seguintes anexos:
- Calendario e/ou cronograma de actividades previstas para o desenvolvemento do proxecto social (base 3.3.e).
  - No caso de que a entidade deportiva oferte prazas gratuítas aos beneficiarios do proxecto social, deberán especificarse os criterios para a súa adxudicación, ademais do seguinte:
    - Se a selección dos beneficiarios vai realizarse a través de acordos con entidades da iniciativa social, deberá achegarse o correspondente convenio.
    - Se está previsto que se realice a través dos servizos sociais municipais, deberá achegarse a declaración responsable (ver documentación a achegar coa convocatoria).
    - En todo caso, o proxecto deberá especificar o número de beneficiarios de prazas gratuítas previstos, así como o importe desta acción.
  - Acordos de colaboración con entidades sociais establecidos para a realización do proxecto (base 3.3.l). No caso de encontrarse en proceso no momento de presentación da solicitude, deberán aportarse antes da firma do convenio co que se formaliza a axuda da Fundación Emalcsa.
- c) ) Memoria do último exercicio da Entidade.
- d) Balance e conta de resultados normalizados (adaptados ao Plan Xeral Contable) do ano 2017.
- e) Certificado federativo de licenzas deportivas da entidade.
- f) Certificado do número do REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas).
- g) Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria).
- h) Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social, no seu caso.

### Bases V Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2018

Coa colaboración de:



- i) Declaración xurada de non ter un expediente sancionador en curso co Servizo Municipal de Deportes, coa Secretaría Xeral para o Deporte ou ca Federación correspondente.
- j) Declaración responsable relativa a que as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado ao efecto), que traballe en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante a posesión da correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2016, de 28 de xullo que modifica a Lei Orgánica 1/1995, de 15 de xaneiro, de protección Xurídica do Menor).

A Fundación Emalcsa garante a confidencialidade da documentación aportada polas entidades solicitantes.

**Aquelas solicitudes que se presenten fora do prazo establecido, que non se axusten ás bases, que presenten carencias na documentación a incluír ou cuxo formulario de presentación de proxecto non fora cumprimentado en todos os seus apartados, quedarán excluídas da presente convocatoria.**

## 6. PRAZO E PRESENTACIÓN DO PROXECTO

As entidades deberán dirixir as súas solicitudes persoalmente, por mensaxería ou por correo postal certificado achegando unha copia impresa dos documentos relacionados no apartado 5 das bases a:

### FUNDACIÓN EMALCSA

#### V CONVOCATORIA DE AXUDAS DEPORTE SOLIDARIO E INCLUSIVO 2018

*R/ Manuel Murguía. Edificio Casa da Auga s/n Planta 7ª. 15011 - A Coruña*

**O prazo de presentación dos proxectos nas dependencias da Fundación Emalcsa finalizará o 21 de setembro de 2018 ás 13 horas.**

No caso de envío por correo certificado aceptaranse as solicitudes cuxa data de cuño non sexa posterior á de finalización da convocatoria.

Así mesmo, o Formulario de presentación de proxectos dispoñibles na páxina web da Fundación Emalcsa [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es) deberá enviarse en formato electrónico á dirección **deportesolidariosecretaria@gmail.com** dentro do prazo anteriormente sinalado.

A presentación a esta convocatoria implica a plena aceptación das súas bases.



## 7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Os proxectos recibidos dentro do prazo e que cumpran os requisitos establecidos serán avaliados por persoal técnico, que elevará a súa proposta ao órgano competente da Fundación Emalcsa, que adoptará a correspondente resolución.

O persoal técnico poderá reunirse, se o estima oportuno, con representantes da entidade solicitante, ou ben recabar da mesma información adicional sobre o proxecto ou a organización.

O persoal técnico valorará a adaptación dos proxectos aos criterios establecidos nestas bases e realizará as súas propostas de acordo con ditos criterios.

O proxecto poderá ser considerado na súa totalidade ou para unha parte da axuda solicitada. Neste último caso, para considerar firme a concesión, a entidade deberá presentar xustificación da financiación complementaria ou presentar unha reformulación para adaptar o alcance do proxecto.

A resolución das solicitudes terá carácter irrevogable e será publicada na web [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es).

Non se devolverá a documentación dos proxectos non seleccionados, que será destruída.

## 8. FORMALIZACIÓN DA COLABORACIÓN E FORMA DE PAGO

A colaboración formalizarase mediante a firma dun convenio entre a Fundación Emalcsa e cada unha das entidades cuxo proxecto fora seleccionado. Os dereitos e obrigas que contraían as partes quedarán reflexados en dito convenio que incluírá, entre outros, os seguintes puntos:

- a) O importe da axuda concedida.
- b) O prazo de execución do proxecto.
- c) A forma de pago.
- d) A xustificación do gasto.
- e) Os mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto, así como a presentación de informes.

A realización do proxecto e a súa titularidade serán de exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria da axuda. A Fundación Emalcsa realizará o abono da cantidade concedida nunha conta bancaria da entidade de acordo ao seguinte esquema de pagos:

- Entidades que non obtiveron axuda na IV Convocatoria: abonarase o 100% do importe concedido no prazo máximo dunha semana, desde a firma do convenio referido anteriormente.
- Entidades que si obtiveron axuda na IV Convocatoria e alcancen 20 ou máis puntos na xustificación da mesma: abonarase o 100% do importe concedido no prazo máximo dunha semana, desde a recepción da carta de conformidade coa xustificación da axuda correspondente.
- Entidades que si obtiveron axuda na IV Convocatoria e alcancen menos de 20 puntos na xustificación da mesma: abonarase o 75% do importe concedido no prazo máximo dunha semana, desde a recepción da carta de conformidade coa xustificación da axuda correspondente; e o 25% restante tras a avaliación intermedia (establecida na base 9.2), suxeito a un adecuado desenvolvemento do proxecto.

## 9. INFORMACIÓN A FACILITAR Á FUNDACIÓN EMALCSA

### 9.1. MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As entidades que recibiran axudas no marco desta convocatoria quedan obrigadas a comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte gravemente o desenvolvemento do proxecto aprobado. Necesitarase a autorización previa e expresa da Fundación Emalcsa para calquera modificación substancial dun proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos do mesmo, aos/ás beneficiarios/as, ao lugar ou ao prazo de execución hasta dous meses ou a diferenciais superiores ao 20% nas partidas previstas no orzamento.

As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e deberán formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen. No prazo máximo de un mes dende a solicitude de modificación, enviarase á entidade a correspondentes autorización ou denegación. No caso de modificacións non incluídas nas categorías descritas anteriormente, bastará coa súa comunicación no informe final.

### 9.2. AVALIACIÓN INTERMEDIA

A Fundación Emalcsa poderá realizar unha avaliación intermedia durante o período de execución do proxecto a través do requirimento dun informe sobre o desenvolvemento dos proxectos subvencionados, segundo modelo facilitado pola Fundación, co fin de asegurar o correcto desenvolvemento dos mesmos.

### 9.3. INFORME FINAL

Con data límite **9 de setembro de 2019**, a Entidade responsable deberá presentar un informe final descritivo das actuacións e de xustificación do gasto, segundo modelo que facilitará a Fundación Emalcsa. Establecese como lugar de presentación as oficinas da Secretaría Técnica do programa Deporte Solidario (sitas en Avenida Calvo Sotelo, 19 – baixo).

No informe final incluírase toda a información técnica e económica do proxecto no seu conxunto. Devandito informe especificará en todo caso o número de beneficiarios das accións realizadas.

A xustificación dos gastos realizarase mediante achega de listaxe de xustificantes de gasto, segundo modelo que se facilitará, dispoñendo desde o momento da presentación do informe á Fundación Emalcsa de orixinais cun selo identificativo do proxecto e da

**Bases V Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2018**

Coa colaboración de:



entidade, na sede da entidade. Nas facturas imputadas ao proxecto especificarase o importe xustificado con cargo á convocatoria, mediante selo ou firma.

A citada listaxe de xustificantes deberá ir acompañado as facturas correspondentes a todos aqueles gastos que superen o 20% do importe total concedido, co correspondente selo indicativo da porcentaxe/importe de imputación á subvención, ademais de xustificante bancario de pago. Esta xustificación poderá realizarse mediante fotocopia compulsada da factura.

No caso de imputar gastos de persoal, estes deberán ir acompañados por unha declaración responsable do máximo responsable da entidade conforme o porcentaxe da nómina subvencionada destinouse á actividade correspondente e non foi imputado a outra convocatoria. Ademais, aportaranse aquelas nóminas con importe superior nun 20% ao importe total concedido, co correspondente selo expresivo da porcentaxe/importe de imputación á subvención, acompañadas do xustificante de pago.

Non se admitirán xustificantes de gasto con data anterior ao inicio do proxecto.

A Fundación Emalcsa comunicará formalmente nun prazo de catro meses tras a recepción do informe final a aprobación ou non, no seu caso, de dito informe. Dita aprobación dará lugar á extinción do convenio. Se non se recibira o escrito de aprobación do informe final no prazo máximo de catro meses, considerarase extinguido o convenio.

Persistirá en todo caso a obriga de someterse ás actuacións de comprobación a que se refire o parágrafo final da base 9.4 seguinte, e sen prexuízo dos resultados que poidan arroxar as auditorías externas (base 10.f).

#### 9.4. SEGUIMIENTO E CONTROL POR PARTE DA FUNDACIÓN EMALCSA

La Fundación Emalcsa, ben directamente ou ben a través da subcontratación de terceiros procederá ao seguimento da execución dos proxectos subvencionados, así como ao exame dos informes finais das entidades. A Fundación Emalcsa poderá recopilar información complementaria, solicitar a presentación de documentos acreditativos do gasto ou realizar avaliacións in situ do proxecto aprobado.

As entidades beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación que sobre os proxectos leven a cabo a Fundación Emalcsa ou as entidades ou persoas ás que esta poda subcontratar o seguimento, así como a cantas outras comprobacións se efectúen ao amparo das presentes bases.

A Fundación Emalcsa, por si mesma ou os seus servizos de auditoría, poderán solicitar, no prazo de dous anos a contar desde a resolución da presente convocatoria, canta información técnica e financeira estimen oportuna para proceder á verificación ou control da execución do proxecto e dos seus resultados.

#### Bases V Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2018

Coa colaboración de:



## 10. INCUMPRIMENTO

As entidades beneficiarias das axudas comprométese ao reintegro das cantidades recibidas nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de presentación de informes das actuacións realizadas e de xustificación do gasto.
- b) Incumprimento de obxectivos para os que a colaboración foi concedida.
- c) Supostos no que os gastos non se levasen a cabo por calquera causa ou se modificaran substancialmente os proxectos sen autorización expresa da Fundación Emalcsa.
- d) Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas para isto.
- e) Incumprimentos graves ou falsidade no informe final do proxecto, postos de manifesto na auditoría a que se refire a base 9.4.

A inobservancia de calquera outra condición imposta con motivo da concesión da colaboración ou cando se produciran graves deficiencias durante el proceso de xustificación ou na información presentada, que non estean recollidas nas causas de reintegro procedentes, terá, como efecto inmediato a imposibilidade de obter colaboración económica da Fundación Emalcsa na seguinte Convocatoria de Deporte Solidario.

## 11. COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE

As organizacións beneficiarias de axudas a través desta convocatoria deberán facer constar en toda a documentación, información e publicidade que realicen da actividade de fomento do deporte base, así como do proxecto social, a colaboración da Fundación Emalcsa e dos correspondentes patrocinadores do programa, de acordo cos formatos facilitados pola mesma.

A título enunciativo, sen prexuízo doutras posibilidades, farase constar en:

- Equipamento deportivo.
- Portada de programas, folletos e carteis que se editen.
- Medios de comunicación nos que se faga mención do proxecto subvencionado.
- Notas e roldas de prensa.
- Pancartas ou bandeirolas.

A entidade seleccionada achegará en formato electrónico, durante o período de execución do proxecto subvencionado e anexo xunto co informe final do proxecto, toda a publicidade e material audiovisual xerado durante o desenvolvemento dos mesmos.

A responsabilidade en canto ás imaxes facilitadas á Fundación recae sobre a entidade deportiva, a quen corresponde solicitar as autorizacións pertinentes.

A Fundación Emalcsa poderá preparar un vídeo/memoria que recolla as mellores prácticas durante a fase de desenvolvemento dos proxectos, empregando para iso imaxes e vídeos facilitados polas entidades beneficiarias e/ou captándoas directamente a través da presenza nos eventos e actividades do persoal asignado a estes efectos. Este vídeo/memoria poderá utilizarse para viralizar en RRSS.

As entidades beneficiarias de axudas deberán empregar, tanto no marco do desenvolvemento do proxectos como no exercicio da súa actividade ordinaria, unha linguaxe non sexista e inclusivo, segundo o disposto no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e na Instrución para a transversalidade de xénero do Concello da Coruña.

## 12. INFORMACIÓN E CONSULTAS

Habíltase un correo electrónico de información e consultas relacionadas coa IV Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo: [deportesolidariosecretaria@gmail.com](mailto:deportesolidariosecretaria@gmail.com).

Teléfono de consultas durante todo o período de presentación de solicitudes en horario de 9 a 14h os días laborais: 627 251 278.